



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Dereito constitucional I

Materia	Dereito: Dereito constitucional I			
Código	V03G720V01121			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Gregores Villaverde, María José			
Profesorado	Gregores Villaverde, María José			
Correo-e	mjgv@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O Dereito Constitucional I (un dos dous bloques nos que se estrutura a docencia de Dereito Constitucional) céntrase basicamente no estudo dos seguintes puntos: teoría da Constitución; constitucionalismo histórico español; principios ordenadores do sistema constitucional; fontes do Dereito; descentralización territorial do poder e estrutura, composición e funcionamento dos órganos constitucionais (Coroa, Cortes Xerais, poder executivo e poder xudicial).			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O alumnado deberá alcanzar unha visión e comprensión do significado e elementos dunha Constitución, en particular da de 1978, os seus principios e valores estruturais básicos e a organización do sistema de poderes, as súas relacións entre estes e os cidadáns, así como os principios básicos do ordenamento xurídico e o sistema de fontes de Dereito na Constitución de 1978	A2 A3 A5

Contidos

Tema	
1. Orixes e evolución do constitucionalismo e modelos de Estado constitucional. Concepto de Constitución.	Orixes do constitucionalismo. O Estado constitucional. Transformacións do constitucionalismo. Concepto de Constitución.
2. Historia do constitucionalismo español. A Constitución española de 1978: características.	Orixe do constitucionalismo en España. As Constitucións españolas do século XIX. Características do constitucionalismo na historia española. A Transición política española. Características Constitución de 1978.

3. Principios estruturais básicos, principios do ordenamento xurídico e valores da Constitución de 1978.	Constitución e ordenamento xurídico. Principios estruturais básicos da Constitución de 1978. Valores básicos da Constitución de 1978. Principios da estrutura do ordenamento xurídico establecidos na Constitución de 1978.
4. O sistema constitucional de produción de Dereito. Principios articuladores.	A creación do Dereito na Constitución de 1978. Principios articuladores do ordenamento xurídico.
5. Fontes do Dereito. Análise das súas formas, efectos e relacións.	As fontes do Dereito na Constitución de 1978. Tipoloxía. Definición. Efectos.
6. Sistema democrático.	Democracia directa. Democracia representativa. Representación. Partidos políticos. Réxime electoral.
7. Os poderes do Estado. Organización e división dos poderes do Estado: principios da súa actuación, composición, funcións, procedemento.	Xefatura do Estado. Cortes Xerais. Goberno e Administración. Poder Xudicial.
8. Organización territorial do Estado.	Principios xerais da organización territorial do Estado. Estado Autonómico. Estatutos de Autonomía. Comunidades Autónomas. Especial referencia á Comunidade Autónoma de Galicia.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	49.75	49.75	99.5
Estudo de casos	22.5	22.5	45
Autoavaliación	3	1.5	4.5
Traballo	0.3	0.7	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	73	75

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos referentes á materia obxecto de estudo.
Estudo de casos	Lectura e análise de documentos xurídicos ou un feito, problema ou casos prácticos reais coa finalidade de que o alumno complete coñecementos, reflexións sobre o particular e interprete e xere as hipóteses que considere oportunas. O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante. Poderanse incluír probas tipo test para comprobar estes obxectivos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en grupos pequenos, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación o proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho). A atención personalizada ao alumnado poderá realizarse, no seu caso, por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, despacho virtual, etc.) baixo a modalidade de concertación previa.
Probas	Descrición
Traballo	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa elaboración de traballos sobre temas das materia propostos polo profesorado. A atención personalizada ao alumnado poderá realizarse, no seu caso, por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, despacho virtual, etc.) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Estudo de casos	Avaliarase a resolución de casos relacionados coa materia e as prácticas. Avaliaranse os diversos exercicios ou proxectos baixo as directrices e supervisión do profesor. Poderán estar vinculados con actividades autónomas do estudante. Utilizaranse para medir o grao de coñecemento das materias.	15	A2 A3
	Resultado de aprendizaxe: O alumnado deberá alcanzar unha visión e comprensión do significado e elementos dunha Constitución, en particular da de 1978, os seus principios e valores estruturais básicos e a organización do sistema de poderes, as súas relacións entre estes e os cidadáns, así como os principios básicos do ordenamento xurídico e o sistema de fontes de Dereito na Constitución de 1978.		
Autoavaliación	Probas obxectivas encamiñadas a que os estudantes poidan asumir e ser conscientes dos seus puntos fortes e débiles no seu propio proceso de aprendizaxe. Inclúense exames tipo test de partes da materia que serán corrixidos entre os alumnos para que coñezan inmediatamente a nota obtida e en que se equivocaron.	30	A5
	Resultado de aprendizaxe: O alumnado deberá alcanzar unha visión e comprensión do significado e elementos dunha Constitución, en particular da de 1978, os seus principios e valores estruturais básicos e a organización do sistema de poderes, as súas relacións entre estes e os cidadáns, así como os principios básicos do ordenamento xurídico e o sistema de fontes de Dereito na Constitución de 1978.		
Traballo	Avaliarase a presentación por escrito e a defensa oral de traballos realizados sobre temas da materia propostos polo profesorado.	15	A2 A3 A5
	Resultado de aprendizaxe: O alumnado deberá alcanzar unha visión e comprensión do significado e elementos dunha Constitución, en particular da de 1978, os seus principios e valores estruturais básicos e a organización do sistema de poderes, as súas relacións entre estes e os cidadáns, así como os principios básicos do ordenamento xurídico e o sistema de fontes de Dereito na Constitución de 1978.		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba global de avaliación do resultado final de aprendizaxe mediante o desenvolvemento de pregunta/s sobre a materia.	40	A5
	Resultado de aprendizaxe: O alumnado deberá alcanzar unha visión e comprensión do significado e elementos dunha Constitución, en particular da de 1978, os seus principios e valores estruturais básicos e a organización do sistema de poderes, as súas relacións entre estes e os cidadáns, así como os principios básicos do ordenamento xurídico e o sistema de fontes de Dereito na Constitución de 1978.		

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segundo o artigo 13. 2 d) do Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, os/as estudantes deberán "absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade".

En relación con esta materia, sempre será condición imprescindible para poder aprobar que na proba global se obteña un mínimo de 4 sobre 10 puntos.

PRIMEIRA CONVOCATORIA:

Unha vez transcorrido un mes, desde o inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia, habilitarase un prazo de dez días hábiles para que o alumnado matriculado manifieste, formalmente, a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua.

Aqueles alumnos que decidan acollerse ao sistema de avaliación continua están obrigados a un mínimo dun 80% de asistencia ás clases prácticas e a entrega do 80% dos traballos que se soliciten.

Aqueles/as alumnos/as que, por circunstancias excepcionais persoais ou profesionais, non poidan participar de maneira presencial nalgunha/s da/s sesión/é prácticas no desenvolvemento do curso, deberán presentar o traballo acorde á/s práctica/s correspondentes.

Para a avaliación da materia mediante o sistema de avaliación continua corrixiranse 2 traballos ao azar que suporán o conxuntamente 15% da nota final. Realizaranse 2 exames tipo test con partes da materia que suporán un 30% da nota, valorarase a redacción dun traballo individual ou en grupo que valerá o 15% da nota e por último realizarase unha proba de

avaliación global que poderá ser de preguntas de desenvolvemento sobre toda a materia da materia e que valerá un 40% da nota. Deberase sacar un mínimo dun 4 nesta proba para aprobar a materia.

Aqueles/as alumnos/as que non sigan durante o curso o sistema de avaliación continua terán dereito a un exame final que implicará, por unha banda, o desenvolvemento por escrito de pregunta/s longa/s ou tipo test do programa e supoñerá o 70% de cualificación final (deberán obter nesta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10), así como a realización dun suposto práctico que supoñerá o 30% da cualificación restante, nos que se avaliarán as mesmas competencias que no sistema de avaliación para asistentes e aplicaranse, igualmente, os mesmos resultados de aprendizaxe que no sistema de avaliación para asistentes.

NA SEGUNDA CONVOCATORIA:

a) Os/as alumnos/as que non tivesen máis dun 5 na proba de avaliación global poderán escoller o pasar ao sistema de avaliación global ou conservar o resultado do resto das probas de avaliación continúa e, nese caso, realizarase unha segunda proba de avaliación global, similar en contido e modo de avaliación á realizada en primeira convocatoria.

b) Os/as alumnos/as que sigan o sistema de avaliación global, terán dereito a un exame final que constará de dous partes: unha teórica de preguntas de desenvolvemento sobre o contido de o programa que supoñerá o 70% da nota (deberán obter nesta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10) e unha pregunta práctica que supoñerá o 30% restante, nos que se avaliarán as mesmas competencias que no sistema de avaliación para asistentes e aplicaranse, igualmente, os mesmos resultados de aprendizaxe que no sistema de avaliación para asistentes.

NOTA: No caso de que o alumno queira conservar a nota obtida nas probas que realizou de avaliación continua, salvo a proba final, deberá comunicar ao profesor que desexa conservar eses resultados.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA:

A avaliación constará de pregunta/s de resposta longa e o desenvolvemento dun caso práctico. A/s pregunta/s de resposta longa valerán un 70% da nota final (deberán obter nesta parte polo menos un mínimo de 5 puntos sobre 10); o desenvolvemento dun caso práctico valerá o 30% da nota final. Avaliaranse as mesmas competencias que no sistema de avaliación para asistentes e aplicaranse, igualmente, os mesmos resultados de aprendizaxe que no sistema de avaliación para asistentes.

No exame de Fin de Carreira non se terá en conta a nota de avaliación continua que o alumnado, no seu caso, obtivese no curso académico anterior.

As titorías poderán ser consultadas e solicitadas na seguinte ligazón: https://matricula.uvigo.es/Docentes/Tutorias_Nuevos/

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-2024 e documentación concordante.

As calificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudantado matriculado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AGUDO ZAMORA, M. y otros, **Manual de Derecho Constitucional**, 12ª ed., Tecnos, 2022

BALAGUER CALLEJÓN, F. (coord.), **Manual de Derecho Constitucional. Vol. I. Constitución y fuentes del Derecho, Derecho Constitucional, Estado autonómico**, 17ª ed., Tecnos, 2022

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Leyes constitucionales españolas (1808-1978)**, 3ª ed., Andavira, 2015

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Historia constitucional de la España contemporánea (1808-1975)**, Colex, 2022

Bibliografía Complementaria

ÁLVAREZ CONDE, E., **Curso de Derecho Constitucional. Vol. II. Los órganos constitucionales. El Estado autonómico**, 6ª ed., Tecnos, 2008

BLANCO VALDÉS, R. L., **Introducción a la Constitución de 1978**, 5ª ed., Alianza, 2016

CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR, J. L. (dir.), **Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Galicia**, INAP, 1991

DÍEZ PICAZO, L., **Ordenamiento constitucional español**, Tirant lo Blanch, 2020

GARRIDO FALLA, F. (dir.), **Comentarios a la Constitución**, 3ª ed. (amp.), Civitas, 2001

GONZÁLEZ-ARES, J. A., **Las Constituciones de la España contemporánea. Del Estatuto de Bayona a las Leyes Fundamentales del franquismo**, Andavira, 2010

LÓPEZ GUERRA, L. y ESPÍN, E. (dirs.), **Manual de Derecho Constitucional. Vol. II. La organización de los poderes Estado. Estado y Comunidades Autónomas**, Tirant Lo Blanch, 2022

MOLAS, I., **Derecho Constitucional**, 4ª ed., Tecnos, 2008

MUÑOZ MACHADO, S., **Derecho público de las Comunidades Autónomas**, 2ª ed., Iustel, 2007

PÉREZ CALVO, A., **El Estado constitucional español**, 2ª ed., 1ª imp., Reus, 2014

RODRÍGUEZ-ZAPATA, J., **Teoría y práctica del Derecho Constitucional español**, 4ª ed., Tecnos, 2018

SÁNCHEZ FERRIZ, R., **El Estado Constitucional**, 2ª ed., Tirant lo Blanch, 2022

VILLANUEVA TURNES, A. (coord.), **40 años de Monarquía parlamentaria**, Colex, 2019

Revistas, **Revista de Derecho Político**, **Revista de Estudios Políticos**, **Revista Española de Derecho Constitucional**, **Teoría y Realidad Constitucional**,

Bases de datos: **Aranzadi**, **Eur-Lex**, **Iber-Lex**, **Colex**, **Tirant on line**,

Páginas web: **www.cepc.es**, **www.boe.es**, **www.congreso.es**, **www.senado.es**, **www.poderjudicial.es**, **www.tribunalconstitucional.es**, **www.defensordelpueblo.es**, **www.xunta.es**, **www.aelpa.org**,

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Dereito: Dereito constitucional II/O03G081V01204

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Dereito: Dereito romano/O03G081V01104

Dereito: Teoría do dereito/O03G081V01102